



## **CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL EN LOCAIS DE HOSTALERÍA E LOCAIS DE EMPRESAS SEN ESCAPARATE, EN ESCAPARATES DE COMERCIO LOCAL, E DE DECORACIÓN DE FACHADAS, BALCÓNS, FIESTRAS E XARDÍNS EN DOMICILIOS DA VECIÑANZA**

Tendo como obxecto a promoción e o apoio ao comercio local e en xeral a todo o tecido empresarial do concello de Valdoviño e considerando de gran interese a presente proposta para a promoción da cultura e a reactivación da comunidade do Concello de Valdoviño, así como o seu interese para a toda a veciñanza,

Convócase :

Un concurso de decoración de locais de hostalería e locais de empresas sen escaparate, tamén de decoración de escaparates de comercio local, e asimesmo de decoración de fachadas, balcóns e fiestras así como de decoración de xardíns de calquera domicilio do CONCELLO DE VALDOVIÑO

Modos de participación:

- A) Modalidade DECORACIÓN DE LOCAIS DE HOSTALERÍA E LOCAIS DE EMPRESAS SEN ESCAPARATE. Poderán participar todos os negocios destas características que radiquen no concello de Valdoviño.
- B) Modalidade DECORACIÓN EN COMERCIO LOCAL CON ESCAPARATE. Poderán participar todos os establecementos comerciais con escaparate, ubicados no Concello de Valdoviño
- C) Modalidade DECORACIÓN DE FACHADAS, BALCÓNS E FIESTRAS. Poderá participar calquera persoa empadroadada ou residente no concello de Valdoviño maior de idade . No caso de que o traballo sexa feito por un colectivo, haberá un representante maior de idade que o identifique. Solo se admitirán a concurso decoracións que sexan visibles dende a via pública e que estean dentro dos límites do municipio.
- D) Modalidade DECORACIÓN DE XARDÍNS. Poderá participar calquera persoa empadroadada ou residente no concello de Valdoviño maior de idade . No caso de que o



### **Valdoviño**

traballo sexa feito por un colectivo, haberá un representante maior de idade que o identifique. Solo se admitirán a concurso decoracións que sexan visibles dende a vía pública e que estean dentro dos límites do municipio.

Para participar, requirírase cubrir unha ficha que estará a disposición dos interesados na páxina web [www.concellodevaldovino.com](http://www.concellodevaldovino.com) e tamén será facilitada na Casa de Cultura. A ficha con todos os datos cubertos deberá remitirse ao correo electrónico [cultura@concellodevaldovino.com](mailto:cultura@concellodevaldovino.com) ou ben entregarse na Casa de Cultura.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 22 de decembro. Os participantes en calquera das modalidades deberán ter as decoracións rematadas como data límite o xoves 23 de decembro de 2021 e non poderán desmontarse antes do 7 de xaneiro de 2022 . Neste período de tempo o decorado non pode variar.

Todos os establecementos de hostalería, empresas e comercios locais participantes recibirán por parte do Concello de Valdoviño un distintivo que os acredita como participantes no concurso que deberá colocarse nun lugar visible ate o día 7 de xaneiro e que con posterioridade a esa data o propio Concello se encargará de retirar.

### Xurado

A partir do día 23 de decembro o xurado poderá pasar a visitar ás localizacións con decoracións navideñas concursantes nas distintas modalidades

Estará formado por :

- 1 persoa relacionada co ámbito da administración local
- 2 persoas relacionadas co ámbito asociativo
- 2 persoas relacionadas co ámbito da decoración e/ou escaparatismo ou no seu defecto relacionadas co mundo artístico..

O xurado poderá realizar a visita ás localizacións participantes a partir do día 23.



A decisión do xurado será inapelable .

Establecense as seguintes axudas aos ganadores do concurso :

MELLOR DECORACIÓN DE LOCAIS DE HOSTALERÍA E/OU LOCAIS DE EMPRESAS SEN ESCAPARATE. 1 vale de 200,00 euros para consumir en comercio e/ou empresa local .

MELLOR DECORACIÓN DE ESCAPARATES EN COMERCIO LOCAL. 1 vale de 200,00 euros para consumir en comercio e/ou empresa local .

MELLOR DECORACIÓN DE FACHADAS, BALCÓNS E FIESTRAS. 1 vale de 100,00 EUROS para consumir en comercio e/ou empresa local .

MELLOR DECORACIÓN DE XARDÍNS . 1 vale de 100,00 EUROS para consumir en comercio e/ou empresa local.

A/Os destinatarios das axudas requiríraselles no momento de realización do informe correspondente a esta iniciativa a presentación de documentación acreditativa dos datos que fixo constar na ficha de inscrición ; a falta de presentación implicará a perda da axuda.

Valdoviño, 9 de decembro de 2021.

Alcalde.

Alberto González Fernández.